

MÉTODO

CÓVICHON

DA  
DOUTORA


CROWN

EN LINGUA GALEGA!

PARA 1º CICLO ESO  
IES NEIRA VILAS

PROF.:  
ALBERTO  
POMBO

# **NØN PERDA V CABEZA !**



[ØK. VALE... XA SABEMØS  
QUE VØSTEDE CHEGØU  
ATE Ø FIN DA INTERNET E QUE XA  
NØN SABE A QUE MÁIS XØGAR.  
QUE ÇØ QUE APRENDEU DE  
CØCIÑA PODÍA ENTRAR EN  
MASTERCHEF ADULTØS E QUE XA  
PASØU Ø TIKTØK ENTEIRO]

...PERØ CØNTINUA  
**ABURRID\*!**

PØIS TRANQUILÍCESE, PØRQUE  
XA CHEGØU Á SUA CASA Ø  
REVØLUCIONARIO **MÉTØDØ**  
DE ENTRETENEMØ: **CØVICHØN,**  
DA DØUTØRA CROWN.

# NOTA IMPORTANTE:

O 'MÉTODO CÓVICHON' DA DOUTORA CROWN  
TEN UNHA DURACIÓN DUNHAS 6 SEMANAS  
A CONTAR DESDE HOXE.

ESTAREMOS EN CONTACTO  
SEMPRE QUE VOSTEDE QUEIRA.  
NESTE CORREO DEBERÁ ENTREGAR  
OS SEUS AVANCES:

POMBODELOUREDA@GMAIL.COM

A DOUTORA CROWN SAÚDAOS DESDE O SEU  
LABORATORIO NAS MONTAÑAS

MÉTODO


CÓ

VI

CHON

É INFALÍBEL!





# PRECAUCIÓN

VOSTEDE ESTÁ A PUNTO  
DE COMEZAR A FALAR,  
A VIVIR, A XOGAR,  
A QUERER, A PENSAR...  
EN GALEGO!

POLO QUE É  
ABSOLUTAMENTE  
FUNDAMENTAL

QUE LAVE BEN  
AS MANS  
ANTES DE COMEZAR



PRIMEIRO

PASO:

# CONXURO CÓVICHON

O PRIMEIRO QUE  
HAI QUE FACER  
É O CONXURO CÓVICHON  
QUE ESCORRENTA O COVID.

EI! NON NOS CRITIQUE!  
NÓS TAMÉN CREMOS NOS  
INDISCUTÍBEIS  
PRINCIPIOS DA CIENCIA...

MAIS ESTA É UNHA RECEITA  
DE TRADICIÓN MILENARIA!  
CONFÍE NA DRA. CROWN.


COMEZAMOS:



O CONXURO:

“ACRÓSTICO”

[E ISTO QUE ERA???



COMPOSICIÓN POÉTICA  
NA QUE AS LETRAS INICIAIS  
(OU MEDIAIS, OU FINAIS)  
DOS VERSOS FORMAN,  
UNHA PALABRA OU FRASE  
AO SEREN LIDAS VERTICALMENTE.

POR EXEMPLO:

**N**unca imaxinaras ter que  
**E**strañar a rutina ou  
**I**mprovisar un novo futuro.  
**R**eacción ao estímulo:  
**A**prendizaxes do confinamento



FAGA O SEU

CONXURO

ACRÓSTICO:



**C** \_\_\_\_\_  
**O** \_\_\_\_\_  
**V** \_\_\_\_\_  
**I** \_\_\_\_\_  
**D** \_\_\_\_\_

[SE QUERE, PODE FACER UN MAIOR CON: "COVID, PÍRATE XA",  
OU INVENTAR O QUE LE APETEZA]


## **TELEGRAMA PARA VØSTEDE:**

Acabou? Seguro que o resultado é fantástico e por iso é importante que o comparta cos familiares cos que se encontre confinado -STOP-

Envíe o resultado ao noso laboratorio onde testaremos a súa efectividade

-STOP- O noso correo de contacto é [pombodeloureda@gmail.com](mailto:pombodeloureda@gmail.com)

-STOP E FIN-



SEGUNDO

PASO:

ESTAR CONFINADO PODE SER UNHA LATA,  
COMO XA BEN SABE... E AÍ QUEN GAÑA  
É O COVID.

POR ISO, O MÉTODO CÓVICHON DA DRA.  
CROWN PROPÓN O SEGUINTE. INSCRÍBASE  
NA NOSA NOVA EDICIÓN DO:

# CONCURSO DE CHISTES

ENVÍE XA O SEU MELLOR CHISTE A  
[POMBODELOUREDA@GMAIL.COM](mailto:POMBODELOUREDA@GMAIL.COM) OU UN AUDIO  
POR WHATSAPP AO 637.450.500  
E LEMBRE: COIDE O SEU GALEGO!

CONSEGUIRÁ REALMENTE QUE NOS RIAMOS?  
NO NOSO LABORATORIO SÓMOSLLE MOI  
ESIXENTES. PERO, TÉNTEO... PORQUE  
HABERÁ **PREMIO!**



SI

SI

ESCOTTOU  
BEN!

HABERÁ

PREMIO

PARA @


GAÑADOR/A!

TERCEIRO

PASO:

## TELEGRAMA II

Chegados a este punto queremos  
Felicitalo polo seu traballo - STOP -  
A Dra. Crown sabe do seu esforzo  
- STOP - Queremos informalo de  
que chegou o momento da estimulación  
neuronal - STOP - Investigacións  
recentes nos nosos laboratorios  
teñen demostrado que o persoal  
científico traballa mellor cando  
ten que pensar moito para resolver  
algún xogo - STOP - Por favor  
axúdenos! - STOP - Envíe á dirección  
de sempre unha adiviñanza que nos  
obrigue a romper a cabeza - STOP -  
Responderemos informando de  
se o conseguimos ou non  
- STOP e FIN -



[...BUF! QUE SERÁ?]

ADIVIÑA

ADIVIÑANZA

PÓÑANOLO DIFÍCIL!  
ACEPTAMOS O RETO!





UN MOMENTO!

PRECISAMOS

AXUDA:

A doutora Crown agradécelle o seu esforzo! Pero desta volta precisamos da súa axuda.

Nos nosos laboratorios acabamos de inventar un **teletransportador** aínda que só nos permite viaxar para un ano concreto: o 3020.

A persoa á que enviamos ten que volver mañá e traer os informes, mais nós necesitamos publicar unha noticia xa.

Confiamos no seu criterio. Conte como son as cousas nese **3020** co maior detalle posíbel.

Lembre, por favor, a estrutura da noticia:



ANDETÍTULO

TÍTULO

SUBTÍTULO

ENTRADA

CORPO



CUARTO

PASO:

**CHEGOU O MOMENTO  
DE MANCHAR AS MANS**



**COMO DI???**

**CALMA! NON SE ALARME**

**ESTA PARTE VAI SER  
TOTALMENTE SEGURA  
SE A REALIZA NUN  
ENTORNO CONTROLADO**

**PRECISAMOS DE VOSTEDE:  
TALENTO E CREATIVIDADE**

SEGURO QUE LEMBRA OS  
TIPOS DE **PLANO DO CÔMICO**  
OU BANDA DESENHADA, VERDADE?



PLANO ABERTO



PLANO XERAL



PLANO AMERICANO



PRIMEIRO PLANO



PLANO DETALLE

PARA CONTINUAR O  
MÉTODO CÓVICHON  
DEBE ENVIARNOS  
NUNHA FOLLA A SÚA  
PROPIA BANDA DESEÑADA!

DEBE CONTAR UNHA  
PEQUENA HISTORIA E  
INCLUÍR OS 5 PLANOS  
QUE DIXEMOS

MOSTRE TODO  
O SEU TALENTO  
COMO ILUSTRADOR/A

CONFIAMOS EN VOSTEDE!



QUINTO

PASO:



APROVEITAR

O TEMPO

DE

LEGER



AS NOSAS CIENTÍFICAS  
NON PASAN O DÍA  
ENTEIRO NO LABORATORIO.  
TAMÉN PRECISAN DESCANSAR!  
POR ISO, NO SEU  
TEMPO DE LECER  
VEN TODOS OS FILMES  
QUE LLES CAEN NAS MANS

O NOSO VELLO CRÍTICO DE CINE...  
XA NON TEN IDEAS NOVAS!



ENVIÉNOS A SÚA  
**RECOMENDACIÓN**  
AO CORREO HABITUAL:

POMBODELOUREDA  
@GMAIL.COM

EXPLICÁNDONOS  
POR QUE DEBEMOS  
VER ESE **FILME OU**  
**SERIE**, E PORQUE  
VOSTEDE GOSTOU  
TANTO DA MESMA.

POR FAVOR, NON SE  
CORTE... **ESCRIBA!**

SEXTO

PASO:

## TELEGRAMA III

Chegáronnos noticias de que  
vostede segue en pixama -STOP-  
É importante que manteña os hábitos  
de elegancia que sempre o  
caracterizaron -STOP- Vístase ben -  
STOP- Temos unha nova misión que  
encomendarlle -STOP- A cultura é o  
motor de toda civilización -STOP-  
Precisamos actores e alguén que envíe  
un whatasapp -STOP e FIN -



PODE FACELO SÓ, OU ACOMPAÑADO  
DA FAMILIA! PODE SAÍR VOSTEDE  
OU FACELO CON BONECOS NO CASO  
DE QUE SEXA UNHA PERSOA TÍMIDA.

**O QUE PRECISAMOS É QUE ACTÚE!**

ÁS VECES QUEDAMOS SEN SINAL DE  
TV NIN CONEXIÓN A YOUTUBE NOS  
NOSOS LABORATORIOS. POR ISO  
QUEREMOS FACER A NOSA PROPIA BASE  
DE DATOS CON CONTIDO AUDIOVISUAL.

QUEREMOS QUE **REPRESENTE UNHA ESCENA**  
DALGÚN **FILME**, SERIE OU MESMO DOS  
DEBUXOS ANIMADOS.

VOSTEDE DECIDE A DURACIÓN!

NÓS ACABAMOS DE FACER UNHA ESCENA  
DOS SIMPSON... E NON PODEMOS PARAR  
DE RIR. POR SUPOSTO: **EN GALEGO**. CLARO!

TEATRO

NA CASA



ÚLTIMO

PASO:

PRECÍSANSE

ANTROPÓLOG@S!

[LÉMBRASE? AQUELAS PESSOAS  
QUE ESTUDAN O SER HUMANO  
NOS SEUS ASPECTOS CULTURAIS,  
SOCIAIS E NATURAIS]



## TELEGRAMA IV

Seguimos procurando máis métodos  
de entretemento - STOP -  
Precisamos do traballo dxs antropólogos  
para que nos envíen un  
conto ou canción tradicional que lle  
transmitisen os seus familiares ou persoas  
máis achegadas. - STOP - Se quere  
pode gravalos en audio e envialo  
por whatsapp ou mail ou  
escribilo vostede mesmo e envialo  
ao correo habitual - STOP - É un  
Traballo valiolsísimo para o futuro - STOP -  
Nota: Se a súa familia non é galega  
e o conto, canción ou historia é noutra lingua  
tradúzao vostede ao galego e  
nútranos da cor doutras realidades  
- STOP - Agardamos impacientes!

- STOP e FIN -





PARABÉNS!

PARABÉNS!

PARABÉNS!

!!!

ACABA DE CONCLUÍR  
CON BRILLANTEZ E EFICACIA  
O MÉTODO CÓVICHON!

A DOUTORA CROWN ESTÁ ORGULLOSA DO TRABALLO  
QUE NOS FIXO CHEGAR E QUERE QUE SAIBA QUE  
FOI DE GRAN UTILIDADE CADA ACHEGA SÚA.

POR ISO, PODE SOLICITAR O SEU MERECIDÍSIMO  
DIPLOMA OFICIAL CONTACTANDO CO PROFESOR  
ALBERTO POMBO NO CORREO:

[POMBODELOUREDA@GMAIL.COM](mailto:POMBODELOUREDA@GMAIL.COM)

DESDE O NOSO LABORATORIO NAS MONTAÑAS  
ESTAMOS SEGUROS DE QUE VOSTEDE HA  
SEGUIR TRABALLANDO PARA FACER DESTE  
UN MUNDO MELLOR!

CONFIAMOS NISO! SAÚDE!

ALBERTO POMBO

DESDE O CONFINAMENTO  
EN LOUREDA (ARTEIXO)

ANO 2020